

RESOLUCIÓN do 3 de abril do 2020, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se resolven as solicitudes para o acceso temporal ao ámbito da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira a diversas embarcacións.

Antecedentes.

1. Na reunión por medios telemáticos do día 31/03/2020 o órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (en adiante Remip-Ría de Cedeira), acordouse que as peticións das embarcacións maiores de 1,5 GT ou menores de 1,5 GT que non teñan no seu permex a modalidade para a que pretendan faenar dispoñan do cambio temporal de modalidade.

2. O 07/02/2020 e o 09/03/2020 a Confraría de pescadores de Cedeira presenta as solicitudes das seguintes embarcacións para acceder á Remip coas seguintes modalidades e períodos:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2020
"PLAYA DE SONREIRA"	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive)
"GAVILÁN"	3ª FE-3-1632	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive) ¹
"HORA BUENA"	3ª VI-4-5553	<1,5 GT	Nasa nécora e camarón	Renuncia a solicitude en data 31/03/2020
"O CANOURA"	3ª FE-5-1-16	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive) ¹
"ANGEL"	3ª FE-4-1-96	<1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive) ¹
"CARMEN"	3ª FE-4-10-05	<1,5 GT	Nasa centola	Pendente da autorización do cambio temporal de modalidade ¹
"FALCOEIRA"	3ª FE-4-10-05	>1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución– 25/06/2020 (ambos inclusive) ²
"MANOLITO"	3ª VI-2-22-55	<1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución– 25/06/2020 (ambos inclusive) ²
"IKER"	3ª-FE-5-1-12	≤1,5 GT	Trasmallos	Dende a data desta resolución– 30/04/2020 (ambos inclusive)
"SUSANA"	3ª-CO-4-1556	<1,5 GT	Liña e cordel	Dende a data desta resolución– 31/12/2020
"O CANOURA"	3ª FE-5-1-16	≤1,5 GT	Liña e cordel	01/02/2020 - 31/05/2020 ³

¹ Pendente da autorización do cambio temporal de modalidade. A embarcación "CARMEN" ten que solicitar un novo cambio temporal de modalidade ao caducar o que tiña o 31/03/2020, segundo o punto 3 desta resolución.

² As embarcacións "MANOLITO" e "FALCOEIRA" teñen autorizado o cambio temporal de modalidade ata o 25/06/2020, pero no caso de que a veda da centola na provincia da Coruña comece antes desa data, deberán respectar a dita veda.

³ A embarcación "O CANOURA", cando teña a autorización do cambio temporal de modalidade de nasa nécora e camarón, ten que elixir entre esa modalidade ou a de liña e cordel, que xa ten autorizada.



3. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica autorizou os seguintes cambios de modalidade para ás distintas embarcacións:

- “MANOLITO” e “FALCOEIRA” para nasa centola dende o día 11/11/2019 ata o 25/06/2020;
- “O CANOURA” para liña e cordel dende o día 01/02/2020 ata o 31/05/2020;
- “IKER” para trasmallos dende o día 01/02/2020 ata o 30/04/2020.
- “SUSANA” para liña e cordel dende o 07/03/2020 ata o 31/12/2020.
- “CARMEN” para nasa centola dende o 07/01/2020 ata o 31/03/2020.

Consideracións legais e técnicas.

1. O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (DOG núm. 33, do 17 de febreiro de 2009; corrección de erros DOG núm. 49, do 11 de marzo de 2009) establece, no seu artigo 4º, as actividades permitidas e limitacións no uso da reserva. Entre as actividades permitidas:

“A) A pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas, enmalle nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º.”

2. O artigo 8º, no que se regulan as condicións de acceso ao ámbito da reserva mariña, establece que poderán exercer a pesca marítima profesional neste ámbito as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT. Non obstante, na epígrafe 3 do artigo 8º.1 tamén se determina:

“[...]”

Co fin de adecuar as posibilidades reais de pesca ao estado dos recursos e ás características da frota, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT. En todo caso, respectaranse os fins perseguidos no ámbito da reserva e recollidos no artigo 1.2 deste decreto e teranse en conta os informes técnicos emitidos ao respecto.”

3. A Orde do 18/08/2010 (DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2010), pola que se regula o uso e xestión da Remip-Ría de Cedeira, define no seu artigo 4 os usos pesqueiros permitidos:

“1. [...] poderán desenvolver a pesca marítima profesional nas áreas non delimitadas como reservas integrais e como zonas de protección especial, coas seguintes artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona:

a) Artes de anzol: liña/cordel e palangriño.

b) Nasas: nasa nécora, nasa polbo e nasa camarón.

c) [...]”

Non obstante, nas augas continentais respectarase a normativa relativa ao uso e calamento das artes de anzol e enmalle.”



4. O Plan de xestión integral para o ano 2020, aprobado pola Resolución do 20/12/2019 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica regula o uso das artes de enmalle, anzol e nasas e as principais pesqueiras con elas nas súas epígrafes 2.6.2.1, 2.6.2.2 e 2.6.2.3, respectivamente.

5. O 31/03/2020, na reunión do Oxesco, analizouse o informe do 18 de marzo do 2020 da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico de Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

6. O 02/04/2020, o Oxesco emitiu proposta favorable respecto as solicitudes presentadas polas embarcacións.

7. O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Autorizar o acceso temporal ao ámbito da Remip-Ría de Cedeira ás seguintes embarcacións coas modalidades e períodos que se indican a continuación:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2020
"PLAYA DE SONREIRA"	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive)
"GAVILÁN"	3ª FE-3-1632	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive) ¹
"O CANOURA"	3ª FE-5-1-16	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive) ¹
"ANGEL"	3ª FE-4-1-96	<1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive) ¹
"CARMEN"	3ª FE-4-10-05	<1,5 GT	Nasa centola	Pendente da autorización do cambio temporal de modalidade ¹
"FALCOEIRA"	3ª FE-4-10-05	>1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución– 25/06/2020 (ambos inclusive) ²
"MANOLITO"	3ª VI-2-22-55	<1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución– 25/06/2020 (ambos inclusive) ²
"IKER"	3ª-FE-5-1-12	≤1,5 GT	Trasmallos	Dende a data desta resolución– 30/04/2020 (ambos inclusive)
"SUSANA"	3ª-CO-4-1556	<1,5 GT	Liña e cordel	Dende a data desta resolución– 31/12/2020
"O CANOURA"	3ª FE-5-1-16	≤1,5 GT	Liña e cordel	01/02/2020 - 31/05/2020 ³

¹ Pendente da autorización do cambio temporal de modalidade. A embarcación "CARMEN" ten que solicitar un novo cambio temporal de modalidade ao caducar o que tiña o 31/03/2020, segundo o punto 3 desta resolución.

² As embarcacións "MANOLITO" e "FALCOEIRA" teñen autorizado o cambio temporal de modalidade ata o 25/06/2020, pero no caso de que a veda da centola na provincia da Coruña comece antes desa data, deberán respectar a dita veda.

³ A embarcación "O CANOURA", cando teña a autorización do cambio temporal de modalidade de nasa nécora e camarón, ten que elixir entre esa modalidade ou a de liña e cordel, que xa ten autorizada.



As embarcacións deberán cumprir as condicións establecidas na Orde do 18/08/2010 e no Plan de xestión integral aprobado para 2020 para as respectivas modalidades e pesqueiras autorizadas.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

